

El Progreso: influencia dun xornal sobre a sociedade e a cultura urbanas

José Sixto García
Universidade de Santiago de Compostela

Índice

1. Lugo a comezos do século XX	1
2. <i>El Progreso</i>	4
3. Evolución tecnolóxica	8
4. Un periódico “de provincia”. tirada, difusión e distribución	11
5. Conclusión: a empresa do futuro	13
6. Bibliografía	14

Resumo

O texto analiza a importancia da prensa de difusión local. Fai un percorrido pola historia do xornal *El Progreso* de Lugo desde os seus comezos ata o día de hoxe a prol de analizar os condicionantes históricos e xornalísticos da súa creación, a súa posterior consolidación e o seu fortalecemento como xornal de provincia. Valórase en todo momento a influencia do xornal no desenvolvemento urbano, na sociedade, na educación e na cultura.

1. Lugo a comezos do século XX

Lugo era a comezos do século XX unha cidade atrasada e con poucos recursos. A iluminación eléctrica introduciuse en Lugo en 1894, a de gas non se coñeceu, pasando da de

aceite -con 118 farois en 1847, a única capital de provincia cun número inferior era San Sebastián- e da de petróleo, directamente á eléctrica. A mellora da traída de augas e a súa condución ás vivendas non ocorre ata a primeira década do século XX. De feito, aínda en 1916 existían vendedoras de auga que servían olas a domicilio nas casas onde non chegaba a traída.

En canto ás melloras das comunicacións, o primeiro tren non chega ata 1875, aínda que a construción do Camiño Real de Madrid á Coruña, case un século antes -en 1773-, constituíra un feito importante para o crecemento urbano da cidade, así como a ampliación en 1759, por iniciativa do Bispo Izquierdo, da Porta de Santiago e a apertura do correspondente camiño ata a ponte sobre o río Miño.

En 1908, segundo refire Ánxel Fole, as rúas de Lugo aínda estaban coma corredoiras, atopábanse sen asfalto, sen cemento, mal iluminadas e mesmo as rúas principais coma a da Raíña, a Praza Maior ou a Praza de Santo Domingo non se asfaltaron ata 1913. Aínda nas primeiras décadas do século XX, os veciños das parroquias achegadas á cidade adoitaban mercar o esterco das cortes de Lu-

go capital, que retiraban a altas horas da noite.

A orientación do complexo agrario ao subsector gandeiro contribuíu a converter a Lugo na principal provincia produtora e vendedora de vacún de España. Esta venda foi unha das vías utilizadas para sufragar as rendicións forais e posibilitar o acceso do campesiñado á propiedade plena da terra. Entre os factores que contribuíron ao auxe da gandería neste período destacan o desenvolvemento industrial e o proceso de urbanización que fixeron crecer a demanda de carne de vacún e aumentar a súa venda, sobre todo no mercado interno español, demanda que puido ser satisfeita grazas á chegada do ferrocarril, que desde 1883 comunicou a cidade coa Meseta.

A todo isto cómpre sumar o problema de fondo que constituían as murallas e, de feito, a súa permanencia será cuestionada desde mediados do século XIX debido á súa falta de funcionalidade. O afianzamento da burguesía como clase dominante impulsará o seu derrubamento e a expansión extra-muros da cidade, co desprazamento dos centros comerciais e de negocios cara aos lindes do casco antigo. Por iso, o perigo dunha demolición non desapareceu ata que en 1921 as murallas foron declaradas Monumento Nacional, quedando así baixo a protección do Estado, aínda que xa se consumara a destrución de dous cubos.

O ascenso social da burguesía, cos seus novos gustos e criterios arquitectónicos, produciu toda unha serie de transformacións relacionadas con novos modelos de inmobles: varios andares, novidades decorativas e estilísticas, etc. Lugo irá adoptando este novo gusto na reedificación, a pedra substituírse polo cemento, predominando as

casas de dous pisos e nas fachadas os ocios regulares nos balcóns, algúns con artísticas forxas e galerías de madeira.

1.1. A política

A volta ao poder dos Borbóns, a Restauración, tralo pronunciamento militar de Martínez Campos en decembro de 1874, proclamando rei de España a Afonso XII, abranguerá un período moi extenso que dura ata 1923 coa toma do poder por parte de Primo de Rivera. Esta etapa funcionou politicamente grazas ao coñecido turnismo, expresión máxima da forma de goberno do liberalismo doutrinario e responsable de que o pobo non puidese exercer a súa soberanía.

Cando naceu *El Progreso* –en 1908– atopábase no poder Antonio Maura. As eleccións realizábanse desde o goberno e a favor deste, de maneira que os deputados se alternaban monotonamente ano tras ano. Na capital monopolizaron a representación os conservadores Nicolás e Germán Vázquez de Parga, fillos do Conde de Pallares, e Francisco Cos-Cayón relevado en 1899 polo novo *cunero* Pedro del Busto Rivero ata 1914. Entre os liberais atopamos a Benigno Quiroga Ballesteros e despois ao seu fillo Quiroga Espín.

En canto á política local, aínda que os concellos estaban sometidos por completo á tutela dos gobernadores, ao alcalde católico-conservador Ángel López Pérez atribúeselle a modernización urbanística da cidade de Lugo e a creación de numerosos postos de traballo para realizar as súas vastas reformas municipais, sobre todo a partir da década dos 20.

1.2. Cara a unha sociedade máis burguesa

Na análise demográfica das primeiras décadas do século XX, a provincia luguesa, co perfil máis negativo de Galicia, presenta unha liña ascendente de crecemento desde finais do século XIX ata 1910. A cidade contaba en 1908 con 35.726 habitantes e a poboación da provincia era de 479.985 habitantes. Porén, esta traxectoria sufrirá unha importante inflexión entre o 1920 e o 1930 debido a unha masiva emigración.

Ao longo do século XIX a fidalguía perdeu o seu peso de xeito irreversible ata desaparecer a comezos do século XX por causa da eliminación da fonte específica dos seus ingresos -a renda foral- e da súa inadecuación ao proceso de construción da sociedade burguesa, aínda que algúns se integraron na burocracia estatal ou na milicia. A fidalguía, apoiada polo clero, fracasou no seu empeño por defender as vellas prerrogativas nos concellos, no campo de batalla, no Parlamento, na prensa -entre os periódicos carlistas en Lugo destacan *La paz* creado en 1869 e *El lucense* en 1883-, opoñéndose a todas as leis de redención de foros e á conexión férrea coa Meseta, xa que a chegada do ferrocarril significaba o preludio de cambios profundos na organización da propiedade territorial.

A poboación luguesa do 1908 compoñíase dunha clase proletaria empregada temporalmente nas obras de urbanización da cidade e un conglomerado burgués integrado por comerciantes -moitos deles de orixe foránea, maragatos-, funcionarios -vinculados ao Bispado e á Deputación-, profesionais liberais e tamén membros dalgúns oficios artesanais.

No que se refire ao asociacionismo, principal contrapunto aos distintos réximes políticos, é posible que a súa implantación, en contra do que se cre, non fose tan escasa. O número total de sociedades inscritas radicadas na capital desde 1887 -acollidas á Lei de Asociacións dese ano- ata o Alzamento de 1936 -a consecuencia do que se declararon fóra da Lei a maioría das vixentes agás as de carácter católico e mutuo-, era de 157, segundo datos obtidos do Libro de Rexistro de Asociacións do Goberno Civil. Desde o primeiro momento sobresaen as creadas en defensa de intereses profesionais, tales como as de farmacéuticos, canteiros, carpinteiros, obreiros en ferros e metais, pintores, mestres de obras, tipógrafos, ebanistas, etc. As de oficios adquirirán un carácter político e converteranse en filo-socialistas, con domicilio social na Casa do Pobo.

1.3. Prensa e lugares para o lecer. Da escasa sociabilidade á cultura de elite

A sociedade lucense pode cualificarse de escasamente dinámica, pois sempre seguiu o ritmo imposto pola inercia dos tempos, desenvolvendo -rara vez- alternativas que manifestasen unha clara vontade de intervención dos cidadáns nos asuntos públicos, á marxe da vida electoral.

Neste sentido, os lugares de sociabilidade onde non primase a xerarquía social e existe unha maior igualdade que no contexto político, podendo os cidadáns opinar de igual a igual, tiveron unha vida efémera en Lugo. Os primeiros creáronse na década de 1850-60, a Sociedade Círculo de Recreo de Artesanos, Comerciantes y Curiales foi a de

maior puxanza. Foi fundada en 1855 coa pretensión de englobar todos os estamentos civís lucenses, pero non tardou en derivar nunha sociedade de carácter elitista, coñecida xa desde finais dos anos 90 do século XIX como Círculo de las Artes. A el sumouse o Casino de Lugo que tamén se consolidou a finais de século.

Á escaseza de lugares de sociabilidade igualitarios únese a de publicacións periódicas. Os lucenses ata o ano 1857, en que viu a luz o primeiro periódico popular, *La aurora del Miño*, de tan só medio ano de existencia, non sentiron unha auténtica necesidade de dispoñer dun medio propio de expresión, a diferenza doutras provincias galegas, que xa contaban desde había tempo con publicacións deste tipo, por exemplo A Coruña desde 1808. Mesmo durante o ano 1875 Lugo non contou con ningunha publicación periódica, sendo quizais a única de España que se atopou en tal situación, segundo un editorial do *Diario de Lugo* de outono de 1876.

Seguindo a relación de publicacións que figura no libro de María Paz Teijeira e María de la Torre (1997), ata 1923 a capital lucense contabiliza 62, das que menos da metade eran diarios, entre eles *El Progreso*, xurdido no 1908. Como proba da escaseza, introducimos un dato comparativo cunha cidade coma Barcelona, que practicamente no mesmo período 1850-1923 sacou 1.113 publicacións, das que un centenar eran diarios.

2. *El Progreso*

: o diario de Lugo e provincia

Ano de 1908. Antonio Maura no poder. O 17 de agosto vocéase por primeira vez *El Progreso* nas rúas de Lugo. A saída do primeiro número tivo que anticiparse dada

a necesidade de anunciar e ambientar un acontecemento de extraordinaria relevancia para os liberais lucenses -xa que o periódico xorde como diario de inspiración marcadamente liberal-: a chegada á capital do ex-ministro Manuel García Prieto e do seu cuñado, o deputado a Cortes por Mondoñedo, Avelino Montero Villegas, fillo de Eugenio Montero Ríos -alcumado o cuco de Lourizán-. Na cabeceira inclúe o nome, subtítulo, ano, data e a dirección da Redacción e Administración.

A saída do xornal supón, pois, todo un evento na época, especialmente para a clase política. Os seus fundadores son Purificación de Cora y Más-Villafuerte e Fernando Pardo Suárez, quen tres meses despois abandona o proxecto, desconforme co progresivo afastamento do liberalismo que sufrira a publicación, motivo que lle obrigaría a desprenderse das súas accións na empresa.

El Progreso nace coa intención de servir a ese ideario e para iso os seus fundadores acoden á vecindade de *El Norte de Galicia*, propiedade de Antonio Pardo y Pardo, co propósito de que a tirada se realice nos seus talleres mentres que non dispoñan de medios e recursos propios, algo que non se fai realidade ata o 14 de novembro dese mesmo ano 1908.

Aínda que naceu baixo a inspiración liberal, non tardou en abandonar a súa vinculación directa co Partido Liberal e xa en 1908 se configurou como unha publicación independente ao servizo dos intereses de Lugo e a súa provincia, unha filosofía que mantén ata hoxe en día. No seu primeiro número facía público o seu credo político mediante un editorial que é unha clara exposición de principios:

“Norma de nuestra conducta, la Verdad, que no es patrimonio de inteligencia alguna, por privilegiada que sea. A su exposición en todo momento, tal como la concibamos y sintamos, hemos de consagrarnos sin tibiezas ni ambigüedades, sin que aún entre nuestros mismos amigos, con los que pretendemos vivir hermanados, hayamos de velarla jamás. Somos liberales, somos demócratas y lo somos precisamente por eso; porque entendemos que en el seno de la comunidad y en el crisol transparente de la discusión razonada y seria, no de cabildeos laberínticos, en maquinaciones oscuras, deben ser depuradas las ideas, aquitaladas las soluciones, para que posteriormente la adhesión que cada cual les preste sea aquiescente, para que el espíritu de todos los encarne limpio, neto, en el verbo del partido”.

No mesmo editorial, despois de facer referencia a tres persoeiros do Partido Liberal -Eugenio Montero Ríos, Manuel García Prieto e Avelino Montero Villegas-, deputados desta formación política por Lugo nas Cortes, conclúese dicindo:

“Con ellos estamos, porque en las filas de su partido, del Partido Liberal dinástico, habremos de formar. De uno recibiremos la orden, de todos el consejo, para que nuestra labor, inspirada siempre en las aspiraciones populares, cual cumple a nuestra condición de demócratas...”

E remata:

“Así pensamos ser; así pensamos vivir, convencidos de que el éxito no se deja

fragar en las sombras; un nimbo de luz le rodea siempre; la luz de la verdad, la luz de la franqueza”.

Desde o momento da súa fundación *El Progreso*, que compartía daquela a súa publicación diaria en Lugo con *El Regional*, *La Idea Moderna* y *El Norte de Galicia*, ocupou o emblemático solar do número 12 da rúa Progreso, chamada entón Manuel Becerra e máis tarde rúa de José Antonio. Así recordaba José de Cora (2003), director xeral de *El Progreso*, da man do seu avó aqueles andares:

“El primer recuerdo me viene a través de un relato sobre el abuelo, tantas veces escuchado de labios de quienes lo vivieron en directo. En los años iniciales, la actividad de talleres se prolongaba durante la noche, hasta que a las 9:30 de la mañana los repartidores se lanzaban a la calle con ejemplares del nuevo día. Por supuesto, la presencia de don Puro, el Viejo, no podía ser constante, como sería su íntimo deseo;

pero ya que su vivienda se encontraba en el piso contiguo, el fundador había conseguido dormir arrullado por el ritmo de las máquinas. Aunque eso sí, cualquier anomalía, cualquier silencio en el fragor de la impresión era suficiente para agudizarse el oído. Así, armado con el bastón que mantenía al lado de su cama, don Puro golpeaba el suelo varias veces para transmitir una señal que se interpretaba a modo de pregunta: ¿Qué pasa? Si el contratiempo era leve, el retorno de los sonidos mecánicos servía de respuesta; y si la causa era una avería de otra magnitud, el regente de talleres ya sabía que no estaba solo ante el peligro”.

O seu primeiro director foi o avogado José Gayoso Castro, que deixou o xornal un ano despois de facerse cargo del para dedicarse enteiraamente á súa profesión e á política, faceta en que ocupou diversos cargos públicos na cidade, entre eles o de presidente da Deputación. Logo foi substituído por un dos fillos do fundador, Antonio de Cora Sabater, tamén avogado. Antonio de Cora iniciou a publicación de *Las andanzas de Pelúdez*, popular personaxe das festas de San Froilán que posteriormente continuaría vivindo grazas á pluma de José Trapero Pardo.

No 1928 toma as rendas xornalísticas do diario o seu fundador, Purificación de Cora y Más-Villafuerte, que o dirixe ata a súa morte tralo remate da Guerra Civil. Nos anos previos á contenda, o xornal segue unha liña editorial decididamente conservadora, que lle resultará moi beneficiosa cando se produce o levantamento contra a República, xa que non foi incautado polos rebeldes para integrar o que posteriormente se coñeceu como Prensa do Movemento. *El Progreso* publica o día 1 de xaneiro de 1936 un editorial en que se alertaba acerca da posibilidade dun golpe de Estado, dada a situación de inestabilidade política que vivía o país. A Guerra Civil supuxo para *El Progreso* quedarse co monopolio xornalístico da provincia, posto que a finais de 1936 desapareceran todos os diarios existentes ata ese momento.

Seguindo coa relación de directores, a Más-Villafuerte sucédelle no cargo o seu fillo Purificación de Cora Sabater, que permanece á fronte do xornal durante 29 anos. É entón cando se dota o diario de medios informativos e técnicos -coma a súa primeira rotativa- capaces de prolongalo no tempo como voceiro da vida provincial.

Poucos meses despois do alzamento militar do 18 de xullo de 1936 corría o rumor por Lugo e por toda a España nacional de que as tropas franquistas se atopaban ás portas de Madrid para reconquistar a cidade dun momento a outro. O exército vivía a capital do Estado, chegándose a librar batallas no mesmo casco urbano de Madrid como, por exemplo, a que ocorreu na Cidade Universitaria. Así, confecciónanse unhas grandes páxinas, impresas coas cores das bandeiras nacional e do Movemento e ilustradas con numerosas fotografías de Franco e dos demais xenerais insurrectos que tomaban parte activa na contenda. Pero a realidade foi distinta, xa que Madrid non foi tomada tan cedo, polo que o citado número non puido ver a luz. Esta anécdota aparece reflectida en *El Progreso* do 17 de agosto de 1958, nun artigo asinado por Purificación de Cora Sabater onde se conmemoraban as vodas de ouro do diario.

Non é ata o 6 de setembro de 1944 cando atopamos a primeira ampliación de entidade. Con esa data na cabeceira sae do prelo o primeiro xornal editado pola rotaplana Duplex, que servira para a impresión da revista humorística *La ametralladora* e para a que en *El Progreso* se construíra unha nave anexa no ano 1973.

En 1969, trala morte de Cora Sabater, é nomeado director José Trapero Pardo, a quen sucede Pedro de Llano López, *Bocelo*, que xa dirixira dous diarios coruñeses. Con el *El Progreso* vive os anos da transición política. É no 1980 cando accede á dirección do diario lucense outro membro da familia fundadora, José de Cora Paradela, quen co seu irmán Purificación á fronte do Consello de Administración, acomete unha profunda modernización do xornal que coincide coa celebración dos seus 75 anos de existencia e que

se verá continuada ata hoxe. Tamén se creou a figura do adxunto á dirección, con funcións practicamente idénticas ás do director, chegando a actuar en ocasións como se deste se tratase ou, no seu defecto, exercendo un labor auxiliador.

En febreiro de 1970, baixo o mando do neto fundador, Purificación de Cora Paradela, inaugúrase unha nova nave que alberga unha rotativa Walter Scott, coa maquinaria precisa para a fundición de tellas e toda a tecnoloxía que substitúe a vella Duplex. Purificación de Cora Paradela abordou outras tres reformas significativas: a ampliación por dúas veces das instalacións da rúa Progreso e mais a inauguración da nave de impresión do Ceao en 1987. En 1996, baixo a presidencia da súa viúva, Blanca García Montenegro, inaugúrase a nova Koenig and Bauer en que tras sucesivas ampliacións se edita hoxe o xornal.

Despois de 94 anos no número 12 da rúa Progreso, os tempos esixían unha reforma do edificio. Durante os seus primeiros 62 anos a sede coñeceu a chegada da primeira Koenig and Bauer, o fotogravado, os teletipos, o aumento das linotipias e outras melloras técnicas, e o espazo era practicamente igual ao inicial. Porén, non se trataba só de lóxica empresarial nin de factores de crecemento, pois o aferro e os recordos do lugar, así como a identificación dos lucenses coa sede desestimaran o cambio de edificio en múltiples ocasións. De feito, a sede fundacional foi obxecto de cinco reformas significativas en 1944, 1970, 1980, 1991 e 1996 co propósito de ir adecuando o edificio e as instalacións ás necesidades. Con todo, froito do encaramento con forza cara ao século XXI, *El Progreso* trasladouse en setembro de 2003 á nova sede do número cinco da rúa Ribadeo, obra dos

arquitectos Santiago Catalán e Arias Jordán.

2.1. De defensor do liberalismo a valedor dos intereses de Lugo

El Progreso nace, coma todos os xornais da época, vinculado aos intereses dun partido político, dunha política, como se dicía abstractamente na terminoloxía ao uso. Na defensa dos ideais liberais fronte aos conservadores, nunha época en que non era fácil sinalar diferenzas ideolóxicas substanciais entre uns e outros, está a súa raíz e os seus obxectivos iniciais.

No seu primeiro editorial dá a sensación de que *El Progreso*, xa desde o seu nacemento, sobrepón a amplitude dos intereses xerais á estreiteza de bandeiras políticas. De feito, os seus dous fundadores coñecen nas súas propias persoas as recompensas e as servidumes dos cargos públicos, pero a política será, a fin de contas, unha anécdota máis nas súas biografías.

Coincidindo coa inauguración dos seus propios talleres, desaparece da cabeceira do rotativo o subtítulo “Diario liberal” e no interior defínese como “Diario político y de información”. De órgano partidista pasa a converterse en medio de comunicación dunha determinada idea política, pero sen pecharse nesa ideoloxía.

Cando en 1909 *El Progreso* queda nas mans de Purificación de Cora y Más-Villafuerte, que xa adquirira de Fernando Pardo a copropiedade da empresa, é xa un xornal con dous obxectivos fundamentais, estreitamente relacionados entre si. Por un lado, pretende superar os vaivéns da políti-

ca e dos seus líderes, pero ademais propónse poñerse ao servizo da provincia de Lugo.

A primeira das metas parece conseguíla posto que o diario sobrevive ao partido que o impulsou, agonizante desde o asasinato de Canalejas en 1912. No concernente á segunda, queda reflexo no xeneroso entusiasmo con que encabezarán e propiciarán calquera campaña que signifique un impulso para o desenvolvemento económico e social de Lugo.

En xullo de ese ano 1909 prodúcese o seu primeiro enfrontamento coa censura, a raíz da cobertura informativa da Semana Tráxica de Barcelona. O gobernador civil prohibiu “bajo pena de suspensión” a difusión de noticias á marxe das comunicacións oficiais.

O 3 de marzo de 1918 faise unha diferenciación do Partido Liberal, dividíndoo en tres grupos: albistas, demócratas e romanonistas. *El Progreso* defínese en seguida: o seu único voceiro é o Partido Liberal, grupo democrático. Polo tanto, enténdese que as críticas máis duras deste xornal vaian parar contra os conservadores de Maura e contra os rexionalistas.

Desde o punto de vista estritamente informativo, a historia de *El Progreso* é tamén a historia de Lugo e de Galicia. Con quince anos de vida asistiu á proclamación da ditadura de Primo de Rivera. O 14 de abril de 1931 deitouse monárquico e ergueuse republicano, con todo un país que contemplaba abraiado as consecuencias anticipadas dunhas eleccións xerais. Como único diario provincial, unha vez desaparecida *La Voz de la Verdad* en xaneiro de 1937, viviu a crúa traxedia da Guerra Civil, asumiu o novo réxime saído da contenda e saudou a monarquía constitucional de Xoán Carlos I.

Durante os escuros anos do franquismo tanto *El Progreso* coma as demais publicacións periódicas víronse na obriga de soportar unha continua e esaxerada coacción por parte dos poderes públicos e foron obxecto dunha forte censura implantada conxuntamente pola Igrexa e o Movemento, os denominados poderes fácticos. O control da prensa foi exercido pola man dereita de Franco no goberno, o seu cuñado Ramón Serrano Suñer. Baixo o seu mandato naceu a disposición legal máis importante e eficaz para a represión dos medios informativos -a Lei de abril de 1938- inspirada no totalitarismo do momento e vixente ata 1966 cando chega a *Lei Fraga*.

Na consagración dos intereses lucenses como única liña editorial e no respecto á veracidade e á obxectividade informativas viuse fundamentada a razón de ser de *El Progreso* desde o comezo da súa andadura ata os nosos días. Non se pode falar expresamente de tendencias políticas concretas neste xornal nin tampouco da vinculación con grupos políticos, relixiosos ou económicos, pois, ao tratarse dunha sociedade limitada, o control empresarial está exercido directamente pola familia Cora, propietaria do diario desde a súa aparición.

3. Evolución tecnolóxica

A historia da prensa está unida á evolución, transformación e modernización dos medios técnicos de produción e comercialización. Coas novas tecnoloxías, a empresa busca a súa modernización, a redución de custos e ofrecer un produto que dea máis servizo, amais de reducir o tempo que transcorre desde a elaboración da noticia ata a súa posterior recepción polo público. Pois

ben, a historia de *El Progreso* é unha continua sucesión de melloras técnicas que foron facendo posible a supervivencia do xornal desde o momento da súa fundación. Este proceso de modernización técnica foi necesario para atender as demandas dos seus lectores –que ao ano xusto da súa aparición o situaron á cabeza dos que se editaban por aquel entón en Lugo- e a súa vontade de expansión.

3.1. Os primeiros tempos

Tras editarse durante algúns meses nos talleres de *El Norte de Galicia*, *El Progreso* pode contar coa súa propia maquinaria de impresión o 14 de novembro de 1908, cando queda instalada unha plana de procedencia alemá, que nun principio era movida por uns obreiros coñecidos como rodeiros e á que despois se lle engadiu un motor eléctrico.

A composición do rotativo fíxose ata finais de marzo de 1934 con tipo móbil. Por esas datas instalouse a primeira linotipia, á que máis tarde se sumarían outras para o mesmo traballo.

O 16 de outubro de 1935 o xornal estreou os seus teletipos, adquiridos a *Vanguardia Gallega*, publicación que viviu escasamente un par de anos. Con anterioridade, as informacións recibíanse por teléfono e telégrafo. Nese mesmo ano quedou tamén instalada outra máquina plana de impresión para realizar en menos horas a tirada do xornal, que ía adquirindo unha maior difusión. O xornal continúa aumentando a súa tirada considerablemente, razón que leva aos empresarios a mercar unha rotaplana Duplex, que comezou a funcionar o 8 de setembro de 1944.

Anos máis tarde realízanse reformas importantes nas instalacións das oficinas e o 16

de abril de 1955 dáse por terminada a montaxe dun taller de fotogravado, o primeiro de Lugo, co que toda unha morea de imaxes se abría ao ollo curioso do xornalista. O 15 de febreiro de 1970 finaliza a era das rotaplanas e entra en funcionamento a primeira rotativa de *El Progreso*, unha Walter Scott. O primeiro de xaneiro de 1977 estréase un novo formato e abandónase o formato saba para decantarse polo tabloide (46 x 29 cm.).

En 1979 o rotativo inicia as obras da súa sede para emprender a renovación tecnolóxica da empresa. En agosto de 1980 *El Progreso* entregaba por primeira vez aos seus lectores unha revista complementaria de radio e televisión e en xuño de 1983, coincidindo co seu 75 aniversario, incorpora un dos suplementos dominicais de difusión estatal – Antena TV-, común a outras publicacións. Con motivo do aniversario o xornal publica un suplemento de 56 páxinas en que escriben xornalistas e literatos lucenses coma Ánxel Fole, Trapero Pardo ou José de Cora que lembran a traxectoria da publicación e en que se inclúen entrevistas a persoeiros de todos os ámbitos sociais.

3.2. O proceso de informatización

Foi o 18 de setembro de 1981 cando se comezou a traballar definitivamente en fotocomposición. A composición en quente deixa paso ao desenvolvemento progresivo desta técnica. As vantaxes desta tecnoloxía foron recollidas por Puro de Cora nun artigo publicado no número correspondente a esa data.

O sistema de impresión utilizado por *El Progreso* era mixto. Despois de efectuar pequenas modificacións no axuste de rodets,

con este sistema podíase aproveitar a rotativa anterior, obtendo unha calidade de impresión practicamente igual á do offset, aínda que non mostraba as mesmas vantaxes no resultado final do produto. A base deste novo procedemento tecnolóxico era un revolucionario sistema, coñecido como Vary Typer e composto por cinco equipos para a montaxe de planas (20-20 epics) e catro pantallas compoñedoras de texto (314 epics). Tratábase de ordenadores con teclado de entrada e pantalla que enviaban os datos a dúas filmadoras, de tal forma que o texto chegaba da redacción coas indicacións precisas. As fotocompoñedoras estaban conectadas fisicamente á unidade central e convertían a información electrónica en información gráfica, sobre un soporte de papel ou película. As fotocompoñedoras Vary Typer permitían que un texto puidese saír impreso cunha letra de 2 milímetros de alto ata outra de 2,5 centímetros, empregada para titulares destacados. As posibilidades da fotocomposición eran de 64 cíceros de anchura (40 cm.), o que sobrepasaba as cinco columnas da páxina.

O 19 de novembro de 1987 deuse un novo paso no proceso de actualización tecnolóxica coa posta en marcha dun moderno medio de impresión: a rotativa News King Press, un sistema offset que garantía a limpeza e perfección dos textos terminados, ao tempo que permitía unha considerable mellora na reprodución das fotografías. O plan de reequipamento industrial levado a cabo por *El Progreso* reportou a construción dunha nave industrial no Polígono do Ceao, nas aforas da cidade a uns seis quilómetros da redacción, onde ten acollida a rotativa News King e a división de Artes Gráficas.

Nese mesmo ano introdúcense os videotermiais na redacción. O proceso de

informatización comezou coa sección de local. Con tres terminais independentes, os redactores confeccionaban os textos e copiábanos en discos magnéticos para logo envialos ao taller de fotocomposición mediante un ordenador conectado ao sistema informático deste. Así se traballou ata que se instalou unha rede local Nowell que interconectaba os distintos ordenadores a un único chamado *manager*, que contiña todos os programas de edición, de comunicación e de arquivo. A través do programa Editel funcionaba o sistema de recepción vía Internet, que lle permitía ao *manager* recibir noticias procedentes das delegacións.

En 1991 a redacción e os talleres trasládanse a unha parte reformada da antiga sede. Neste edificio instalouse un sistema de recepción de información e fotografías por vía satélite. No relativo á incorporación de terminais e programas para o tratamento de elementos gráficos, entrou en funcionamento o departamento de infografía, con dúas Macintosh para a recepción e tratamento de fotografías e un escáner plano ou de negativos para a dixitalización destas.

No verán de 1996 *El Progreso* incorporou aos seus talleres unha moderna rotativa, feita a medida pola casa alemana Koenig and Bauer-Albert AG, que desde o 11 de outubro dese mesmo ano lle permite tirar ata oito páxinas diarias en cor.

Así, pois, o xornal pretendeu mediante as diferentes fases de renovación tecnolóxica, acadar unha redacción totalmente informatizada.

3.3. De Ribadeo 5 ao Ceao

Actualmente na nave do Ceao a KBA Comet non descansa e guinda papel e tin-

ta a todas horas. Polas mañás tócalles aos de Artes Gráficas e ao mantemento e polas tardes á impresión dos suplementos e extras do xornal, así como ao Boletín Oficial da Provincia. Polas noites imprímense tres xornais un tras outro: *El Mundo Deportivo*, *El Diario de Pontevedra* e *El Progreso*. As vinte e cinco persoas que traballan no lugar divídense nas áreas de filmación, rotativa, peche e distribución e mantemento. O departamento de filmación empeza a recibir páxinas desde as sete da tarde a través da fibra óptica que conecta Ribadeo 5 co polígono. Saca cada unha en negativo e, a través das insoladoras, proxéctaaas nun ferro metálico que posteriormente se engoma. Esas son os ferros que se engancharán despois na primeira bovina da rotativa.

Se a informatización supuxo cambios substanciais na Redacción, na impresión os cambios foron revolucionarios. Tan só en filmación poden facer o traballo dúas persoas, fronte aos vinte necesarios cando había que fundir ferros de chumbo para cada unha das páxinas. Precisábase, por quendas, persoal desde as nove da mañá ata as tres da madrugada de xeito ininterrompido. E iso cando o diario tiña, todo máis, 24 páxinas.

Aproximadamente ás dúas da mañá remata o proceso de filmación e comeza o de impresión. Colocado o ferro no rodete -diferente para o branco e negro e a cuadracomía-, este empápase en tinta e *cópíase* no de caucho e deste no de papel. Faino todo unha máquina alemá que preside a nave e que emana un son radicalmente enordecedor. A velocidade vertixinosa, a KBA Comet dá a luz o diario, alimentada por quilos de papel e litros de tinta -unhas dez bovinas por día-. O xornal impreso pasa polo imprescindible tren de secado e remata nas mans

do persoal de peche e distribución que o empaquetan e selan. A primeira remesa debe estar na furgoneta que cubre a ruta inicial, como moito, vinte minutos despois de saír da rotativa e ás cinco da mañá teñen que ter saído todos os vehículos. Aínda así, unha noticia transcendente de última hora pode facer calar por uns minutos a rotativa. ¡Paren as máquinas! E volta a empezar.

Na redacción, entre os últimos logros, destacan o sistema de conexión entre equipos, o sistema telefónico que pasou de analóxico a dixital e, sobre todo, o cableado, capaz de soportar redes de velocidades superiores ás que existen nestes momentos.

En conclusión, vemos, por tanto, como *El Progreso* utiliza na composición o sistema de autoedición -a redacción electrónica- e na impresión o sistema litográfico -offset-.

4. Un periódico “de provincia”. tirada ,difusión e distribución

No tocante á periodicidade *El Progreso* sempre entrou en contacto cos lectores día a día. Nun principio sae como diario, exceptuando os domingos. A partir do primeiro número de decembro de 1908 publícase diariamente, agás os luns. Desde o 20 de febreiro de 1909 volve saír todos os días, menos os domingos. A partir de maio dese mesmo ano sae de novo diariamente. Durante varias décadas -cando o descanso dominical se respectaba nas redaccións- o diario faltou á súa cita cos lectores todos os luns. A partir de 1962, co fin de cubrir ese baleiro informativo, promóvese a publicación de *La Hoja del Lunes*. E así sucesivamente ata que nos anos 80 desaparecen

definitivamente as follas dos luns e o xornal sae todos os días da semana.

Igual que *La Región* de Ourense ou *El Faro de Vigo*, en certa medida os seus homólogos galegos, *El Progreso* aséntase nun núcleo urbano importante, así como nas súas comarcas limítrofes onde centra o seu actual mercado de difusión. Non obstante, como rotativo de ámbito provincial, atopouse cun forte competidor en *La Voz de Galicia*, que acadou as catorce edicións, cada unha delas dirixida a unha determinada zona ou comarca. Grazas a isto, *La Voz de Galicia* converteuse no xornal dominante no panorama da prensa galega, destacando, segundo datos da OJD, entre os dez primeiros de toda España. Nos primeiros anos de andadura, *El Progreso* tiraba uns cincocentos exemplares, que chegaron a ser entre 1.800 e 2.000 xa no 1915.

Atendendo de novo á lista de publicacións controladas pola Oficina de Justificación de la Difusión, apréciase no período de xullo de 2003 a xuño de 2004 como a tirada útil diaria de *El Progreso* experimenta un promedio de 18.759 exemplares e unha difusión de 15.335 que chega aos 16.736 exemplares nos domingos. Os datos son semellantes aos de xornais coma *La Región*, que oscila arredor dos 14.506 exemplares, aínda que moi inferiores a xornais como *El Faro de Vigo* que acadou un promedio de 50.173 exemplares no período sinalado. Con respecto a *El Progreso*, observamos un incremento considerable desde finais dos anos oitenta, cando, por exemplo no curso de 1989, se situaba nun promedio de 11.669 exemplares, segundo datos ofrecidos pola revista *Anuncios*.

El Progreso é e foi sempre identificado como o *periódico da provincia*, xa que á parte de ser o único da capital luguesa que se man-

tén hoxe en día, sempre tentou achegarse aos lucenses a través dos contidos da información que ofrece. Este propósito xa o manifestaron no primeiro número de 1908:

“*A la masa que se ha dado en llamar neutra ¿qué le ofrecemos? Limitándonos a los intereses regionales, provinciales y locales, es indudable, que se encuentran, pendientes de resolución problemas de altísima importancia dentro de las esferas indicadas y que afectan a aquellos intereses*”.

Tamén con esta finalidade, *El Progreso* conta desde mediados dos noventa con catro delegacións para cubrir de norte a sur toda a provincia: A Mariña -con sedes en Burela, Viveiro e Ribadeo-, Terra Chá, Monforte e Sarria. Desde alí redactores e fotógrafos traballan para cubrir a información máis estritamente local. O resto das comarcas da provincia cóbrense desde Lugo, aínda que pouco se podería facer sen botar man da ampla rede de correspondentes. Xa a comezos dos anos 20 o rotativo contaba con colaboradores fixos en Monforte, Castroverde, Viveiro, Antas de Ulla, Parga, Ribadeo, Navia, Rábade, Rubián, Abadín, Guntín, Laxosa, O Corgo, Santiago de Compostela e Madrid.

Mención especial merece a delegación da Mariña. O 1 de maio de 1996 nace *A Mariña*, a primeira edición de *El Progreso*. É un suplemento de entre 16 e 24 páxinas, feito case na súa totalidade na delegación de Burela e as subdelegacións de Ribadeo e Viveiro, que se distribúe de martes a domingo nesta comarca lucense co fin de achegar información local aos 80.000 habitantes dos dezaioito concellos da zona.

El Progreso ten na provincia 600 puntos de venda e no resto de Galicia e España suma

outros 500. Como prensa provincial que é, a maioría dos seus subscritores concéntranse en Lugo e tamén noutros puntos de Galicia. Pero chega igualmente a moitos outros lugares de toda España e a distintas cidades do continente europeo: París, Londres, Bruxelas, Marsella e, ao outro lado do Atlántico, a Montreal, La Habana, Santiago de Chile, Salvador de Bahía, Sao Paulo, Puerto Rico, Montevideo, México, Caracas, Florida, California e Nova York.

Para que o xornal chegase en tempo e forma, o departamento de Distribución tivo que pasar por varias fases. Nun principio o xornal distribuíuse só na capital, cun reparto asumido exclusivamente por mulleres, e despois enviábase aos distintos puntos da provincia nos autobuses de liña. Foi a comezos dos 70 cando a distribución se afastou do transporte público e se adquiriron medios de distribución propios, pasando polo motocarro. En cidades coma Santiago, A Coruña, Pontevedra, Madrid e Barcelona, *El Progreso* colabora con distribuidoras que reciben e reparten o diario. Correos encárgase de gran parte das subscricións, entre as que se atopan, lóxicamente, as que viaxan fóra do país.

5. Conclusión: a empresa do futuro

O camiño diríxese cara á conversión nunha empresa multimedia e dixital, polo que o grupo fixo unha incursión no campo da radio e a televisión. Artes Gráficas, Productora El Progreso, Lugovisión, Telelugo, *El Diario de Pontevedra*, *La Comarca*, *Lugopress*, *De luns a venres*, *Nova +* (primeiro periódico económico galego), *Galiciae*, Xeración web ou *A Grande Enciclopedia Galega* son os

eslavóns que compoñen a cadea do grupo de comunicación de El Progreso.

El Progreso de Lugo, S.L. conta na actualidade cun cento de traballadores, aínda que as empresas auxiliares como Artes Gráficas El Progreso, dispoñen de plantel á parte. Ademais este xornal é propietario desde 1989 do semanario comarcal ribadense *La Comarca del Eo*. Tamén é accionista da *Axencia Galega de Noticias* (AGN), unha axencia centrada en ocupar espazos informativos aos que non chega a súa rede de delegacións ou correspondentes, e foino da axencia nacional *Imagen Press*. Ten licenzas de radios e conta cunha produtora de televisión, El Progreso Televisión, que ostenta a correspondencia da TVG en Lugo e que foi a base sobre a que se montou a comezos de 1996 a emisora Lugovisión, que iniciou as súas emisións en febreiro dese ano. En xuño de 1999 comprou *El Diario de Pontevedra*, outro histórico xornal galego ao que o cambio de propiedade supuxo tamén unha renovación no deseño deste diario, dirixido por Antón Galocha. En 2006 apareceu *De luns a venres*, o primeiro gratuíto en galego, editado en Santiago de Compostela.

En xaneiro de 2001 deseñouse a web do xornal que hoxe se ofrece aos lectores. Nos anos sucesivos o deseño e mais os contidos do diario virtual experimentaron varios cambios e remodelacións. A web, á parte do espírito competidor e de equiparación con outras empresas, está orientada aos lugueses que residen fóra e continúan interesados en permanecer ao tanto da actualidade lucense. O 70 % das visitas realízanse desde os Estados Unidos e as restantes desde España, América Latina e Europa. De luns a venres, unhas 2.000 persoas len o xornal na Internet, mentres que as fins de semana a páxina recibe un-

has 1.200 visitas. Ademais pódese consultar a hemeroteca, inclúe outros servizos coma a información meteorolóxica e ofrece a posibilidade de participar activamente a través da sección de cartas ao director ou dunha enquisa sobre temas de actualidade. Amais conta coas webs de LV e recentemente vén de estrearse a web Galiciae.

En 2003 a empresa emprendeu un ambicioso proxecto editorial, a edición da nova *Grande Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, unha actualización do conxunto de volumes impulsado a partir de 1974 por este home, con contidos ampliados e escrita integramente en galego. Tamén ten editados varios libros e anualmente convoca un premio literario que leva o nome dun dos seus máis sobranceiros redactores, Ánxel Fole, e un certame xornalístico en que se lembra a Puro Cora.

6. Bibliografía

- AGUADO, M. e al. (1995). *Tecnología de la información escrita*. Madrid, Síntesis.
- ARIAS VILAS, F. (2001). *Historia de Lugo*. A Coruña, Vía Láctea.
- DÍAZ MARTÍNEZ, C. (2000). *A memoria de Lugo*. Vigo, Xerais.
- DOGUELAS, M. (1994). *El diseño en el libro*. Madrid, Ediciones Pirámide.
- GADE, R. (2002). *Diseño de periódicos: sistema y método*. Barcelona, Gustavo Gili.
- KUNZ, W. (2003). *Tipografía: macro y microestética*. Barcelona, Gustavo Gili.
- LALLANA GARCÍA, F. e outros (1995). *Diseño, color y tecnología en prensa*. Barcelona, Prensa Ibérica.
- LEDO ANDIÓN, M. (1993). *O diario postelevisivo*. Santiago, Edicións Lea.
- LÓPEZ GARCÍA, X. (1999). *Comunicación e información escrita, redacción periodística*. Santiago, Edicións Lea.
- LÓPEZ MASEDA, S. (2002). *Lugo, unha provincia*. Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- MARTÍNEZ DE SOUSA, J. (1994). *Manual de edición y autoedición*. Madrid, Ediciones Pirámide.
- PAZ TEIJEIRA, M. e DE LA TORRE, M. (1997). *A prensa en Lugo, dous séculos de historia*. Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- PAZ, M. (1992). “El Progreso: el diario de Lugo y su provincia” en *Lucensia*, nº 4. Lugo.
- VILLARES, R. (2004). *Historia de Galicia*. Vigo, Galaxia.